


# **Proxecto de fomento do uso do galego**

EDLG - IES San Clemente

Ano escolar 2018 - 2019



# Índice

[Introdución](#)

[Integrantes do EDLG](#)

[Historia do IES San Clemente](#)

[Localización](#)

[Organización e horario do centro](#)

[Estudo sociolingüístico do centro](#)

[6.1.- Contorno sociolingüístico do centro](#)

[6.2.- Situación do profesorado](#)

[6.3.- Situación do alumnado](#)

[6.4.- Situación lingüística do centro](#)

[Oferta académica](#)

[Alumnado matriculado](#)

[Obxectivos e actividades](#)

[9.1.- Contorno do centro](#)

[9.2.- Profesorado](#)

[9.3.- Alumnado](#)

[9.4.- Centro](#)

[Actividades principais](#)

[10.1.- Concursos e certames](#)

[10.2.- Rumbo](#)

[10.3.- O galego, a miña lingua propia](#)

[10.4.- Exposicións enREDadas](#)

[10.5.- Proxecto eTwinning “Pek, a Pulga Viaxeira #5”](#)

[10.6.- Proxecto eTwinning Letras Galegas](#)

# 1. Introducción

No IES San Clemente desenvóléronse historicamente proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e o desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor.

Aínda que no centro existen dende sempre iniciativas en prol da nosa lingua e da nosa cultura, o EDLG do IES San Clemente ven funcionando dende a creación dos equipos de normalización lingüística, e dende ese momento existe un proxecto global de normalización que se revisa ano tras ano. É por iso, e dado que un centro de ensino non pode illarse do tecido social do que forma parte, sendo mesmo reflexo, en moitas ocasións, do que naquel acontece, este proxecto deberá continuar traballando coa finalidade de acadar todos os seus obxectivos.

Por esta razón, e porque o método de traballo de cursos precedentes debe ser revisado e a actividade a desenvolver axeitada cos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que sería considerado como plan plurianual.

Pódese consultar este proxecto no seguinte enderezo:

[www.iessanclemente.net/edlg/equipo](http://www.iessanclemente.net/edlg/equipo)

## 2. Integrantes do EDLG

Como ordena o artigo 15º o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia (DOG nº 97, do 25 de maio), no IES San Clemente constituíuse un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador, por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente. Por tratarse dun centro con ensinanzas para adultos, non hai pais nin nais no EDLG.

A continuación indícase a composición do equipo de dinamización lingüística do IES San Clemente:

### **Coordinador:**

Marcos Vence Ruibal                      Informática

### **Profesorado:**

Cristina París Brandariz	Informática
Alex Dapena Mora	Informática
Lourenzo Álvarez Ruiz	Lingua e literatura galega - Portugués
Pedro Antonio Labraña Barrero	Matemáticas
Mercedes Rodríguez Ruibal	Bioloxía e xeoloxía
Xesús Teira Rois	Física e química
María del Carmen Viñas Álvarez	FOL - directora

### **Alumnado:**

Alejandro Buján Pampín	1DAM
Daniel Rey Castro	ASIRm
Félix Pardal González	ASIRd

### **Persoal non docente:**

Manuel Barral Sánchez (Conserxaría)  
Carne Otero Cruz (Conserxaría)

### **Colaboración externa:**

IES nº1 de Ordes, IES de Arzúa, IES de Poio, CEIP de Sestelo-Baión e CEIP Viñagrande.  
Katia Pangrazi da Accademia di Belle Arti di Terni.

### **3. Historia do IES San Clemente**

A historia do IES remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doou uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se construíse un centro para acoller aos nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación a través de D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades non comezaron até o ano 1953 que, curiosamente, coincide tamén co momento en que o Papa Pío XII designou cardeal a Don Fernando Quiroga Palacios.

A historia vén demostrar que o centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional... Non foi até a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Foi sempre de titularidade pública e, polo tanto, depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

## **4. Localización**

O centro está situado na cidade de Santiago de Compostela, na rúa San Clemente s/n.

Desde a nosa plataforma educativa podemos levar o noso idioma a todos os lugares do planeta.

## **5. Organización e horario do centro**

O centro conta cun horario amplo, tanto para realizar calquera proceso administrativo como para estudar calquera das ensinanzas impartidas.

Horario do centro: 8:45 – 14:35 e 16:00 – 23:00 h.

Horario de atención ao público da oficina:

Mañás: de luns a venres, 9:00 – 14:00 h.

Tardes: martes e xoves, 17:00 – 19:00 h.

O centro conta tamén cun cadro de persoal que traballa en equipo dentro dun marco de cordialidade.

## **6. Estudo sociolingüístico do centro**

### **6.1.- Contorno sociolingüístico do centro**

O IES San Clemente é un centro urbano nunha cidade onde o uso da lingua galega é aceptado pola sociedade, formada por persoas de diferente procedencia (traballadores de todos os lugares, universitarios, visitantes, etc).

O centro ofrece educación tanto presencial como a distancia. Dadas estas características especiais, resulta difícil analizar a súa realidade sociolingüística, xa que cada modalidade educativa se desenvolve nun contorno diferente e a zona de influencia é toda Galicia.

### **6.2.- Situación do profesorado**

O profesorado encargado de bacharelato e ESA a distancia, desenvolve o seu labor en galego de forma maioritaria, como pode comprobarse na aula virtual, que é o vehículo prioritario de comunicación entre o profesorado e o alumnado. Tanto as guías (equivalente ao libro de texto) como os documentos e comunicacións na aula virtual fanse principalmente en galego.

En canto á formación profesional, a normativa non especifica o idioma a usar para impartir os módulos. O centro procura que exista unha oferta equilibrada en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística adecuada nas dúas linguas oficiais.

A actitude xeral do profesorado cara a lingua galega é positiva, aínda que se pretende mellorar coa participación activa en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

### **6.3.- Situación do alumnado**

O alumnado é de procedencia xeográfica e clase social variadas:

- O alumnado dos ciclos formativos (ordinario, modular e a distancia) non só provén dos concellos limítrofes, senón de toda Galicia.
- O alumnado matriculado na ESA telemática procede de toda Galicia.
- O alumnado inscrito en Bacharelato procede de toda a comunidade, por ser este centro o único en Galicia que imparte esta modalidade a distancia. Pero constatamos, pola comunicación mantida a través da plataforma virtual, que pode atoparse fóra da comunidade e mesmo do país mentres realiza os seus estudos.

En xeral, o alumnado que provén de zonas urbanas utiliza menos o galego que o que vén do rural, na comunicación espontánea. Moitos deles fan o esforzo de falar galego cando o profesor ou profesora imparte a clase nesta lingua, pero outros non.

O EDLG pretende ampliar o uso do galego entre o alumnado a través de concursos, actividades culturais e proxectos que, aínda que sexan compartimentos estanco nas vidas do alumnado, contribúen a mellorar a actitude e a eliminar prexuízos. Tamén queremos facer ver ao alumnado que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral.

#### **6.4.- Situación lingüística do centro**

Con respecto á comunicación interna e externa do centro, esta realízase integramente en galego (agás os casos contemplados na lei, de relación con organismos doutras comunidades autónomas), como pode verse na plataforma educativa.

O instituto conta cun plan de modernización e internacionalización que trata aspectos como a visibilidade internacional do centro, as mobilidades Erasmus+ para alumnos (estudos e prácticas) e profesores, proxectos eTwinning, e seccións bilingües, entre outros.

Tamén participamos no Plan Proxecta, no proxecto exposicións enREDadas, no programa Lanzadeiras Coruña de Eduemprende; publicamos novas na web do centro, en Facebook e Google+; editamos dúas wikis de manuais e axuda, etc.

En todas estas comunicacións e proxectos, mesmo os levados a cabo a nivel internacional, está presente o galego.

A contribución do EDLG é axudar a corrixir as publicacións, impulsar proxectos (eTwinning, enREDadas, Proxecta, Lanzadeiras, etc.) e axudar ao profesorado a publicar novas nos diferentes apartados temáticos da web do instituto.



## 7. Oferta académica

O IES San Clemente ofrece educación tanto presencial como a distancia:

Oferta educativa presencial:

- Ciclo medio Sistemas Microinformáticos e Redes (SMR).
- Ciclo superior Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR).
- Ciclo superior Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DAM).
- Ciclo superior Desenvolvemento de Aplicacións Web (DAW).

Oferta educativa a distancia:

- Os catro ciclos formativos da alínea anterior.
- Bacharelato telemático para persoas adultas.
- ESA telemática.

## 8. Alumnado matriculado

Estudos	Número de alumnos/as
Ciclos formativos	937
Bacharelato (adultos)	654 *
ESA (adultos)	252 *
<b>Total</b>	<b>1 843</b>

\* A matrícula está aberta ao longo do ano escolar e estímase unha matrícula similar á do ano pasado, sensiblemente maior que a actual.

## 9. Obxectivos e actividades

O obxectivo principal do equipo de dinamización da lingua galega é potenciar o uso do galego no centro educativo. Esta é a descrición dos obxectivos específicos en base ao estudo sociolingüístico do centro:

## 9.1.- Contorno do centro

9.1.1.- Dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro e doutras entidades para que a cidadanía saiba do noso compromiso coa lingua galega, por medio da prensa, web, redes sociais e revista.

Actividades:

- Rumbo: publicación en formato A5 con todo o material desenvolvido durante este ano (por exemplo os relatos premiados, etc.)
- Difusión na web, redes sociais e prensa, das actividades realizadas no centro, relacionadas directa ou indirectamente coa lingua galega.
- Participación en actividades organizadas polo servizo de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela e pola Deputación da Coruña.
- Subscrición á revista A viñeta de Schrödinger, apoiando publicamente esta iniciativa da MNL e da AS-PG.
- Pago e mantemento da web e Moodle da Embaixada eTwinning Galicia.

## 9.2.- Profesorado

9.2.1.- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:

- Christmas Card Exchange 2018.
- Letras galegas 2019 – Antón Fraguas.
- Publicacións da embaixada eTwinning Galicia.
- Ofrecemento permanente ao Servizo Central de Bruxelas para traducir as interfaces do eTwinning Live e TwinSpace ao galego.

9.2.2.- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en diversos soportes.

Actividades:

- Solución de dúbidas aos membros da comunidade educativa.

9.2.3.- Publicar nos diferentes apartados temáticos da web do instituto e nas TVs dos corredores.

Actividades:

- Publicación de artigos: “Novas” e “Novas de dinamización lingüística”.
- Axuda para a publicación noutros apartados como “Sección bilingües”, “Proxectos europeos” e “Orientación”.
- Incorporación de vídeos á lista de reprodución de YouTube de música galega moderna.
- Publicación de traballos realizados en cooperación con EDLGs doutros centros.

### 9.3.- Alumnado

9.3.1.- Asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

Actividades:

- Información e orientación ás persoas que o soliciten.
- Participación en actividades e proxectos.

9.3.2.- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades, concursos e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

Actividades:

- Participación en concursos do EDLG e doutras entidades.
- Participación nas actividades organizadas pola Deputación da Coruña e polo Concello de Santiago de Compostela.
- Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:
  - Christmas Card Exchange 2018.
  - Letras galegas 2019 – Antón Fraguas.
  - Outros proxectos doutros departamentos, nos que tamén se utiliza o galego.

9.3.3.- Eliminar prexuízos e comprender que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral.

Actividades:

- Participación no proxecto eTwinning “Pek, a Pulga Viaxeira #5”.
- Participación no Plan Proxecta, Lanzadeiras e en exposicións enREDadas.

## 9.4.- Centro

9.4.1.- Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Actividades:

- Información e orientación aos docentes que o soliciten.
- Solicitud á Consellaría de Educación de maior presenza do galego nos materiais de FP a distancia.

9.4.2.- Coidar de maneira especial o uso da lingua nas plataformas educativas, actualizándoas e someténdolas a continuas revisións.

Actividades relacionadas coa páxina web **www.iessanclemente.net**: plataforma educativa a distancia, plataforma educativa “Mestre”, wikis de manuais e axuda:

- Atención á utilización da lingua galega nas plataforma educativas, someténdoa a continuas revisións.
- Información sobre a normativa vixente.
- Información sobre os obxectivos e as actividades do EDLG en [www.iessanclemente.net/edlg/equipo](http://www.iessanclemente.net/edlg/equipo)

9.4.3.- Manter a presenza do galego en todos os proxectos locais, autonómicos, nacionais e internacionais, situándoo ao mesmo nivel que o resto das linguas.

Actividades:

- Proxectos eTwinning indicados en puntos anteriores.
- Solicitar ao SNA eTwinning España que modifiquen o aplicación de eTwinning Live para poder marcar a opción “galego” como idioma de traballo dun participante ou dun proxecto.
- Colaboración estreita co departamento de Bioloxía e Xeoloxía: exposicións e campaña sobre ecoloxía.

## 10. Actividades principais

O equipo de dinamización da lingua galega do IES San Clemente leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito. Cabe destacar o concurso literario que xa leva 31 edicións.

Na primeira reunión deste ano propuxemos varias actividades como enviar as exposicións “A cor da area” e “MatematicARTE” a outros centros (repetir no noso IES a segunda, integrándoa nun concurso), montar unha exposición permanente de minerais e rochas, participar de novo no Plan Proxecta e en Lanzadeiras, organizar unha visita á exposición “Castelao maxistral” e estudar unha posible colaboración coa Fundación Castelao.

A continuación descríbense con detalle as actividades principais propostas para o presente ano escolar, para as que se vai solicitar financiamento á Consellaría de Educación.

### 10.1.- Concursos e certames

Temos previstas novas convocatorias de concursos e certames que tiveron éxito en anos anteriores e novos concursos nos que ademais do alumnado, tamén poderá participar o resto da comunidade educativa. Pretenden estimular a creación literaria e audiovisual utilizando o galego.

- 9º Concurso de felicitacións de aninovo.
- 4º Certame de relato breve.
- 4º Certame de micro vídeos.
- 32º Concurso literario.
- 9º Concurso europeo de marcapáxinas.

Os premios son vales de material educativo e informático.

### 10.2.- Rumbo

Edición do cuarto número da publicación Rumbo, con todo o material desenvolvido durante este ano (obras seleccionadas nos concursos e certames do EDLG, exposicións, presentacións, etc). Desta maneira daremos visibilidade aos contidos creados polo alumnado e profesorado, en galego, nunha publicación física e dixital.

Difundida en [www.iessanclemente.net/edlg](http://www.iessanclemente.net/edlg) e [www.facebook.com/iessanclemente](https://www.facebook.com/iessanclemente).

### 10.3.- O galego, a miña lingua propia

Trátase da primeira vez que participamos nunha actividade da Deputación de Coruña. Os organizadores recomendáronnos o obradoiro “Mapeando o galego nas redes” e tamén

---

estamos interesados en “Obradoiro de cine na aula” e en “O oficio de cineasta” pola integración curricular no módulo AO de 1SMR.

#### 10.4.- Exposicións enREDadas

Quinto ano de participación neste proxecto artístico internacional. As anteriores contaron co patrocinio da *Comisión Nacional Española de Cooperación con la UNESCO*.

Está aberta á participación do alumnado do IES San Clemente e do profesorado de calquera centro do mundo (eventualmente, tamén do seu alumnado).

[www.iessanclemente.net/edlg/proxecto-exposicions-enredadas](http://www.iessanclemente.net/edlg/proxecto-exposicions-enredadas)

Nesta ocasión o tema está sen decidir, á espera que a coordinadora xeral do proxecto indique o tema común de todas as exposicións.

A exposición vaise inaugurar na semana 8ª Semana da Educación artística (UNESCO) en Maio de 2019. A partir de setembro trasladarase a outros centros educativos galegos.

#### 10.5.- Proxecto eTwinning “Pek, a Pulga Viaxeira #5”

Décimo ano do proxecto Pek, desenvolvido polo IES San Clemente en colaboración con alumnado e profesorado de institutos de Portugal, Francia, Italia, Chequia, Romanía e Grecia.

Nesta edición, os participantes traballan en subgrupos internacionais. Cada equipo ten que crear unha páxina de banda deseñada (guión, debuxo, cor) e traducila a todas as linguas dos centros participantes, entre elas, o galego.

Ademais, gravan programas en varias linguas para *Radio Babel* e crean un audio cómic para varias historietas.

Para desenvolver o proxecto, os participantes traballan nunha plataforma en liña que tamén serve para difundir os resultados:

[twinspace.etwinning.net/71881](http://twinspace.etwinning.net/71881)

Os alumnos e alumnas manteñen comunicación directa intercambiando mensaxes nos foros, soben ficheiros de imaxe, son, texto, correo electrónico interno, etc. Trátase dunha ferramenta segura: para acceder aos contidos internos hai que utilizar unha conta persoal. Desde fóra só se poden visualizar as páxinas públicas, pero non as conversas nin os datos do alumnado.

O EDLG encárgase da corrección dos textos e difusión do resultado en:

- Web: [www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net)
- Blog: [embaixadaetwinning.blogspot.com](http://embaixadaetwinning.blogspot.com)
- Facebook: [www.facebook.com/iessanclemente](http://www.facebook.com/iessanclemente)

## 10.6.- Proxecto eTwinning Letras Galegas

Este é o nono ano do proxecto Letras Galegas, no que traballamos centros de Galicia, Portugal, Francia, Italia, Polonia e Reino Unido:

<https://www.iessanclemente.net/programas-europeos/letras-galegas>

Aínda que a lingua de comunicación entre o alumnado é o inglés, a lingua protagonista é o galego e todas as tarefas fanse ao redor da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas. Os resultados finais principais son unha colección de textos e vídeos en todas as linguas (principalmente en galego) e un conxunto de marcapáxinas presentados ao concurso. O gañador é impreso polo IES San Clemente e distribúese no meses de maio e xuño.

O papel do EDLG e do Departamento de Galego neste proxecto é fundamental xa que se encargan da coordinación, dinamización, corrección dos textos e audios, así como da difusión dos resultados finais.

Edicións anteriores do proxecto gañaron o selo de calidade nacional eTwinning e o selo europeo en Portugal, Francia, Italia e Polonia.

Para desenvolver o proxecto, os participantes traballan nunha plataforma online que tamén serve para difundir os resultados:

<twinspace.etwinning.net/52628> (Última edición).

Os alumnos e alumnas manteñen comunicación directa intercambiando mensaxes nos foros, soben ficheiros de imaxe, son, texto, correo electrónico interno, etc. Trátase dunha ferramenta segura: para acceder aos contidos internos hai que utilizar unha conta persoal. Desde fóra só se poden visualizar as páxinas públicas, pero non as conversas nin os datos do alumnado.

As principais actividades do proxecto e as ferramentas utilizadas son:

- Presentación e comunicación entre alumnos: foro, Padlet, vídeo
- Curso de galego: alumnos non galegos preguntan como se din certas palabras ou frases e os galegos responden: foro e vídeo.
- Investigación sobre a vida e obra da persoa homenaxeada. Creación dunha liña de tempo.
- Traballo sobre a obra da persoa homenaxeada: ler textos, traducilos, etc. foro, vídeo, páxinas web.
- Traballo sobre a obra de outros autores europeos: tradución ao galego, gravacións de voz, etc.

Todos os vídeos gravados no IES San Clemente son publicados no canal de YouTube do EDLG:

[tinyurl.com/edlgsc](http://tinyurl.com/edlgsc)

Difusión:

- Web: [www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net)
- Blog: [embaixadaetwinning.blogspot.com](http://embaixadaetwinning.blogspot.com)
- Facebook: [www.facebook.com/iessanclemente](http://www.facebook.com/iessanclemente)

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

O coordinador do EDLG

Visto e prace da directora

Marcos Vence Ruibal

Carmen Viñas Álvarez